

Lopo

Rubrica

And'ora trist'e fremosa
porque se foi meu amigo
com sanha, bem vo-lo digo,
mais eu são aleivosa,
se s'ele foi polo seu bem,
ca sei que mal [l]hi verrá en.

E bem vo-lo juro, madre,
pois que s'el foi noutro dia
sanhud'e nom mi o dizia,
nom fui filha de meu padre
se s'ele foi polo seu bem,
ca sei que mal lhi verrá en.

Pois que m'eu del muito queixo
e fui por el mal ferida
de vós, mia madre velida,
nom logr'este meu soqueixo
se s'ele foi polo seu bem,
ca sei que mal lhi verrá en.

cantigas-stag.square-bit.com

© 04/02/2026